



DATOS IDENTIFICATIVOS

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés

Materia	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés			
Código	V01G230V01418			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Adquirir e ampliar a competencia extralingüística na combinación francés-galego-castelán. Traballar a comprensión escrita e oral dos textos, así como as referencias culturais dos mesmos.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D6	Capacidade de xestión da información
D13	Traballo nun contexto internacional
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar as diferenzas culturais do francés, do galego e do castelán.	A1	C2	D15
	A3	C25	D17
	A4	C27	
	A5		

Mellorar o coñecemento da lingua francesa, perfeccionar a redacción e a competencia oral na lingua meta e profundar na cultura francófona.	C1 C2 C8 C25	D6 D15 D17
Traballar o espírito crítico desde un punto de vista lingüístico e tradutolóxico.	C2 C3 C25 C27	D6 D15 D17
Familiarizarse cos recursos documentais na rede	C1 C2 C8 C25 C26	D6 D13 D15 D17

Contidos

Tema	
0. Introduction aux cours : culture(s), civilisation et traduction	0.1. Aspects anthropologiques et sociologiques. 0.2. Symboles, usages et traditions. Le « génie » de la France.
I. Organisation culturelle, sociale et politique francophone, galicienne et espagnole : analyse comparative	1.1. La francophonie. 1.2. Différences culturelles générales entre les pays francophones de l'Europe et l'Espagne : la littérature, le cinéma, la gastronomie, la musique, etc.
II. La France	2.1. L'administration du territoire français. 2.2. Les institutions politiques et administratives (les pouvoirs exécutif, législatif et judiciaire). 2.3. La loi électorale française. Les partis politiques. 2.4. L'éducation en France.
III. Savoir-faire	3.1. Les arts et métiers. 3.2. Les industries du luxe.
IV. Savoir-vivre	4.1. Sociabilité, civilité, politesse. 4.2. La convivialité. Les arts de la table.
V. Textes et terroir	5.1. Les régions naturelles. La carte des pays. L'habitat. 5.2. Le terreau historique, du Moyen Âge à l'Époque contemporaine. 5.3. Le patrimoine bâti et consommé.
VI. Fientes de l'esprit qui vole	6.1. Jeux de mots, jeux de vilain. 6.2. Franglais, abrègements et autres stupeurs branchées. 6.3. Du buzz abusif.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	24	48	72
Presentacións/exposicións	18	54	72
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Neste apartado, o docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación

Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudo.
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá de facer un traballo exhaustivo sobre un ou varios temas culturais propostos na clase. Consistirá en comparar e analizar unha ou varias diferenzas culturais existentes entre o ámbito francófono e hispano. O traballo terá que estar redactado en francés e posteriormente exposto e debatido en clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Presentacións/exposicións	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	As sesións maxistras avaliaranse con probas de resposta curta	10	A1 A3 A4
Presentacións/exposicións	Avaliarase tanto a pertinencia e o nivel de afondamento dos contidos en relación coas fontes de documentación e bibliográficas, como a corrección lingüística da presentación escrita e oral dos traballos que podrán versar sobre contidos literarios ou sociais.	20	A1 C1 A3 C2 A4 C3 C8
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizaranse dúas probas de resposta longa en francés sobre os contidos expostos nas sesións maxistras ou sobre as lecturas obrigatorias.	40	C1 C2 C3 C8 C25 C26 C27
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizarase unha proba oral sobre os contidos expostos nas sesións maxistras e/ou exposicións.	30	C1 D6 D13 D15 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá informar o profesorado na primeira semana de clase a súa elección de non acollerse á avaliación continua por escrito.

En caso de superar todas as tarefas, así como as probas unha escrita (en marzo de 2018) e outra oral (en abril de 2018), considerarase que o alumnado aprobou a materia. De non aprobar a avaliación continua, deberá avaliarse de todo o temario na convocatoria oficial de xullo.

A data oficial de exame para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT.

O alumnado que non se acolle á avaliación continua haberá un exame único que constará de dúas probas: unha escrita e outra oral (en abril de 2018).

O sistema de avaliación única (non presencial) consistirá nun exame escrito e oral sobre os contidos impartidos no temario no apartado CONTIDOS da guía docente. Do mesmo modo, o alumnado que se acolla ao sistema de avaliación única deberá elaborar un traballo redactado en francés sobre algún dos temas incluídos no temario despois da sesión escrita. Penalizarase a copia ou o plaxio.

A profesora Ana Luna Alonso impartirá e evaluará os bloques I, II e V (24 horas presenciales) dos contidos da materia. O profesor Anxo Fernández Ocampo (24 horas presenciales) impartirá e evaluará os bloques III, IV e VI dos contidos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

VV.AA (en rede), <http://www.bonjourdefrance.com/index/indexcivilisationfrancaise.htm>,

VV.AA (en rede), <http://www.francophonie.org/Francophonie>,

VV.AA (en rede), <http://www.culturecommunication.gouv.fr/>,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620

Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español/V01G230V01517

Relacións Internacionais/V01G230V01917

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619

Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106

Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311

Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

Tradución idioma 1, III: Francés-Galego/V01G230V01607